

## **III CONCURSO DESEÑO CARÁTULA PARA CD RECOPIULATORIO VIGOSÓNICO**

Vigosónico convoca o “III Concurso do Deseño da Carátula do Cd Recopilatorio Vigosónico” para que a mocidade de Vigo participe nun proxecto artístico musical, engadindo a parte de creación en deseño gráfico para a carátula do álbum, que contará con temas dos grupos usuarios/as dos locais de ensaio de Vigosónico.

A convocatoria ten as seguintes bases:

### **PARTICIPANTES:**

Poderán participar no concurso mozas/os entre os 13 e os 35 anos empadroados/as en Vigo. As/os participantes menores de idade terán que presentar unha autorización asinada do pai/nai/titor/a xunto cunha fotocopia do DNI dos mesmos.

### **CONDICIÓN TÉCNICAS**

1. A participación no concurso é gratuíta e individual.
2. Para acceder ao concurso presentárase o deseño en formato dixital. Poderá presentarse impreso, tendo que achegar os arquivos para a súa posterior utilización no caso dos/as gañadores/as.  
Ou físico, neste caso, precisa dar a posibilidade de obter unha óptima dixitalización.
3. As/os participantes poderán presentar ata un máximo de dous deseños, sempre con contido totalmente orixinal.
4. O formato deberá ser 120x120mm., ou superior proporcionalmente, deixando sempre un sangue de 3mm., cunha resolución mínima de 300ppp (puntos por polgada).
5. A obra deberá incluír o logo de Vigosónico facilitado na web, do contrario será incluído polo equipo de Vigosónico.
6. O equipo de Vigosónico reservase o dereito de adaptar as obras co fin de que cumpran a súa función comunicativa.
7. Aceptárase o deseño en soporte dixital que pode ser achegado en: pendrive, cd, etc., e/ou enviado ao correo electrónico de Vigosónico: [vigosonico@vigo.org](mailto:vigosonico@vigo.org)
8. Os traballos tamén poderán achegarse ás instalacións de Vigosónico, do 16 de Maio ó 30 de Xuño no horario e días de apertura de Vigosónico (de martes a domingo de 16:00h a 22:00h)
9. No momento da achega dos traballos, xa sexa por correo electrónico ou de forma presencial, as/os participantes deberán encher a folla de inscrición, onde se incluíran os seguintes datos: nome e apelidos do autor, enderezo, DNI, correo electrónico e título do traballo, haberá que presentar o DNI para constatar os datos.
10. O contido das obras deberá ser respectuoso, calquera contido discriminatorio será motivo de exclusión do concurso.
11. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases, quedando excluídas as obras que non cumpran algunha das condicións antes expostas.



## **CALENDARIO DO CONCURSO**

Prazo de inscrición e recollida material artístico: do 16/5/2017 até o 30/06/2017.

## **PREMIOS:**

Establecese un 1º e 2º premio para os deseños finalistas:

1º premio: certificado gañador + vale 50€ + copia cd

2º premio: certificado 2º finalista + copia cd

Vigosónico achegará aos deseños finalistas un certificado como recoñecemento á súa creatividade e participación na parte do deseño gráfico da carátula do álbum, incluído no proxecto artístico "Cd Recopilatorio Vigosónico".

## **SISTEMA DE VALORACIÓN**

O sistema de valoración das creacións artísticas estará composto por un xurado de Vigosónico. O fallo do xurado será inapelable, o concurso poderá declararse deserto si así o xurado o determina. Os criterios a valorar serán a orixinalidade, a adecuación as bases do concurso, a innovación e a creatividade.

A valoración final farase pública na web de xuventude <http://www.xuventudevigo.org/> e nas redes sociais.

## **DIFUSIÓN DAS OBRAS:**

Unha vez fallado o concurso, os deseños finalistas poderán ser empregados por Vigosónico a efectos da difusión do programa, por calquera medio de reprodución ou divulgación, facendo constar o nome do/a autor/a.

A organización resérvase o dereito de empregar as carátulas finalistas para outros fins diferentes aos estritos do concurso así como á propia adaptación do deseño.

## **OUTRAS DETERMINACIÓNS:**

- A organización poderá introducir, si o considera necesario, as modificacións que estime axeitadas para o bo funcionamento do concurso.